

# A Pegada dos irmáns Vilar Ponte no nacionalismo galego de antes da guerra

RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ\*

## Sumario

Este artigo analiza as achegas ideolóxicas e a actuación política de Antón e Ramón Vilar Ponte nas sucesivas organizacións do nacionalismo galego de antes da guerra: as Irmandades de Fala, a Organización Republicana Gallega Autónoma e o Partido Galeguista, que se converteu no abandeirado do Estatuto de Autonomía de 1936. Apuntaremos primeiro as principais transformacións económicas e sociopolíticas que modernizaron a nosa terra denantes da guerra civil. Describiremos logo a andaina das organizacións políticas que traballaron a prol da construción dun proxecto de futuro autónomo para Galicia, consonte a súa especificidade nacional pero integrado no estado federal ibérico que soñaron os homes daquela xeración. E remataremos vendo as contribucións dos irmáns Vilar Ponte a ese avance cualitativo na formación da identidade nacional do noso pobo labrego e mariñeiro.

## Abstract

This article analyses the ideological contribution and the political activity of the brethren Vilar Ponte within the framework of pre-Civil War Galician Nationalism, particularly within the three main nationalist organisations Language's Brotherhoods, Galician Republican Autonomous Organisation and the Galicianist Party. The latter became the main upholder of the Home-Rule statute passed by referendum in June 1936. In the first part of the article, the sociopolitical and economic transformations underwent by the Galician nation along the first third of the 20th century are outlined. In the second part, we will describe the evolution of the political organisations which put forward Home-Rule for the Galician nation, within the context of an Iberian federal project. Finally, it will be analysed the political contributions of the Vilar Ponte brethren to the process of national reawakening of a people mainly composed of peasants and seamen.

**A** inmensa labor cultural e política que desenvolveron os homes da Xeración das Irmandades supuxo un avance cualitativo na formación da identidade nacional de Galicia. Dignificaron a lingua falada por un pobo labrego e mariñeiro, converténdoa nun idioma de cultura coa súa produción ensaística, narrativa e coas pescudas que fixeron sobre o pasado etnohistórico da nosa terra. Crearon organizacións políticas que traballaron a prol da construción dun proxecto de futuro autónomo para Galicia, consonte á especificidade nacional pero integrado no estado federal ibérico que eles soñaron. E acadaron o Estatuto de Autonomía de 1936 nas vésperas de que o Atila franquista quedara ceibo nas Españas. Revisaremos neste traballo as principais transformacións económicas e sociopolíticas da Galicia de antes da guerra civil, para describir logo a andaina das

---

\*Raúl Sotuelo Vázquez é licenciado en Xeografía e Historia, coa especialidade de Historia Contemporánea, pola Universidade de Santiago de Compostela. Ten publicado varios artigos en revistas especializadas e os libros *Os intelectuais do agrarismo. Protesta agraria e reformismo social na Galicia rural* (Servicio de Publicacións da Univ. de Vigo, 1999) e *De América para a casa. Correspondencia familiar de emigrantes galegos en Brasil, Venezuela e Uruguai, 1916-1969* (Consello da Cultura Galega, 2001). Exerce a docencia no C.P.I. de San Sadurniño (A Coruña), colabora co Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega e prepara a súa tese doutoral sobre "Movementos sociais, política local e emigración de retorno na Galicia rural de antes da guerra civil". E-mail: rsotelo@edu.xunta.es.

Irmandades da Fala. E analizamos, para rematar, as claves ideolóxicas e a actuación política dos irmáns Vilar Ponte como figuras destacadas das sucesivas organizacións do nacionalismo galego de antes da guerra (as Irmandades de Fala, a Organización Republicana Gallega Autónoma e por fin, o Partido Galeguista) porque se converteron nos abandeirados do primeiro Estatuto de Autonomía que tivo a nosa terra.

## I.- GALICIA NO TEMPO DAS IRMANDADES: CACIQUES, AGRARIOS E ‘AMERICANOS’ RETORNADOS

A sociedade galega decimonónica apenas mudou, respecto da pirámide estamental propia do Antigo Réxime, porque seguiu sendo predominantemente rural ata a segunda metade do século pasado. A resistencia ao Estado e a adaptación ao mercado son os dous elementos que mellor caracterizan a dinámica dos movementos sociais na Galicia rural contemporánea. As protestas campesiñas comezaron coa resistencia xeral ó pago de rentas e á admisión do señorío na crise do Antigo Réxime e mantivéronse ao longo da formación do Estado liberal.<sup>1</sup>

A agricultura galega artellou un complexo equilibrio entre poboación e recursos baseado na sobreinversión de capital humano e adubo nas explotacións familiares de policultivo e no uso comunitario do monte que abastecía de pasto, leña e esquilmo ós sectores máis pobres do campesiñado galego. As pequenas explotacións familiares víronse forzadas a mercantilizar parte da súa produción para satisfacer os trabucos do Estado cando a reforma tributaria de Món impuxo o pago en metálico. A poboación foi aumentando paseniñamente, o complexo agrario de policultivo familiar xa acadara o cumio de produtividade e viuse afectado por sucesivas pandemias (cólera, gripe...) e crises fitopatolóxicas que empurraron ós labregos novos alén da mar dende mediada a centuria. A expansión gandeira favorecida polos prezos en alza e a forte demanda de vacuno para o mercado británico, a intensificación dos cultivos e do uso do monte e o estancamento dos prezos cerealeiros devaluaron o peso da renta foral no total extraído.<sup>2</sup>

A entrada dos novos países agroexportadores nos mercados mundiais inundou os portos europeos con cereais e carnes conxeadas a baixo prezo provocando unha crise de

1 O campesiñado foi o grupo social numéricamente maioritario en Galicia ata datas ben recentes (representa o 90% da poboación galega durante o século XIX, o 84% nos anos trinta e o 75% nos cincuenta do XX), pero nunca acadou unha representación proporcional nas esferas de poder onde se tomaban decisións político-administrativas que lles afectaban. Mantivo unha calculada neutralidade perante a restauración fernandina e a implantación do Estado liberal no reinado isabelino, porque carecían de recursos políticos ou económicos para mercar as terras desamortizadas por Mendizábal e só integraron as partidas carlistas por deferencia á xenerosidade pecuniaria dos fidalgos e cregos rurais. Os labradores acomodados poideron consolidar o seu patrimonio coa subasta de unidades mais pequenas e a redención foral da desamortización de Madoz.

2 A crise agraria finisecular e a experiencia redencionista do 1873 foron os elementos que crearon un escenario social e político máis receptivo, do que se beneficiou o propio Montero Ríos presentando un coherente *Proyecto de redención de censos y foros* (1886), complementado polo *Proyecto de establecimiento de crédito agrícola*, polo que se declaraban redimibles tódalas rendas e pensións forais (art. 2) ó tempo que se prohibía a constitución doutras novas. Admitíase a práctica privada da enaxenación de rendas e patrimonios mediante acordos particulares, pero nunca formalizala cunha lei de redención forzosa dos foros que tivo que agardar ata 1926.

superproducción para a pequena produción familiar en toda Europa dende 1880. O Estado español respostou cunha política económica baseada no proteccionismo arancelario que garantía os intereses da oligarquía cerealeira e certos sectores industriais perxudicando ás agriculturas atlánticas que necesitaban importar forraxes (millo) e inputs (máquinas, adubos químicos). As pequenas explotacións familiares fóronse inserindo nos mercados dun xeito subordinado como oferentes de produtos (carne de vacún, viño e pouco máis) e de man de obra emigrada nas cidades españolas ou de alén mar.

O período 1890-1931 estivo marcado polo aperturismo formal e a desfeita do sistema político da Restauración baseado na quenda pacífica dos partidos dinásticos, no control do electorado e no fraude sistemático das eleccións. Nembargante, as leis de *Asociaciones y Cámaras Agrarias* (1887), de *Sufragio Universal masculino* (1890) e a de *Sindicatos Agrícolas* (1906), impulsadas polos sectores reformistas da burguesía liberal representada nos gobernos de Sagasta e Moret, deseñaron un novo escenario político no que o campesiñado era a maior reserva de votos á que tódolos grupos interpelaban e a sociedade civil se foi autoorganizando en sociedades agrarias e sindicatos católicos como resposta colectiva dos sectores sociais afectados pola chegada das relacións capitalistas de produción e intercambio ás sociedades rurais da vella Europa. Tratábase de acceder ós mercados urbanos de factores, créditos e produtos mediante o cooperativismo que eliminaba ós intermediarios (tratantes de gando, corredores de viño, comerciantes locais de maquinaria, adubos e sementes seleccionadas) e a mobilización contra os caciques e os perpeptores das rendas forais (Cabo Villaverde, 1998). As asociacións labregas fóronse coordinando, dende as primitivas agrarias parroquiais ata as podentes federacións provinciais de vésperas da primeira dictadura. Con todo, a novidade desta protesta campesiña dotada dunha organización e obxectivos concretos, preocupou máis ás elites locais que ao propio estado.

O agrarismo foi o movemento social máis importante da Galicia contemporánea, tanto polo grao de institucionalización e duración temporal que acadou, como pola demostrada capacidade de mobilización popular e polas decisivas repercusións que tivo nos procesos de transformación económica e como expresión das inquedanzas sociopolíticas do campesiñado galego de antes da guerra. As sociedades agrarias capitalizaron as relacións de convivencia cotiá nas aldeas e parroquias para converterse nos seus representantes fronte aos vellos caciques. Aproveitaron así a grande oportunidade histórica para facer a integración económica e sociopolítica do campesiñado galego nos mercados capitalistas e nas estruturas de participación política do Estado liberal español. Pero as sociedades agrarias nunca ameazaron seriamente a estabilidade do sistema político da Restauración baseado no clientelismo e no fraude electoral. Convertéronse no principal instrumento da mobilización do campesiñado galego para controlar os procesos de modernización económica e cambio social que estaba a experimentar o país. As familias labregas apostaron pola emigración e a participación nos mercados gandeiros como principal mecanismo para acadar unha capacidade económica que lle permitise consolidar a propiedade redimindo as rendas forais e realizar aínda, tímidas inversións en inputs imprescindibles para modernizar e especializar as explotacións domésticas.

A organización en sociedades agrarias permitíulle ó sector máis dinámico do campesiñado galego dispor dun recurso para a reivindicación de fondas transformacións

na política económica do Estado, para desafiar a hexemonía dos notables e caciques dende as institucións locais e para acceder por vía cooperativa aos mercados.<sup>3</sup>

A socialización política dos labregos proletarizados, nas cidades españolas ou latinoamericanas, resultou fundamental para a formación de líderes campesiños conscientes que dirixiron a confrontación das organizacións agrarias coas elites locais. Dirixidas por obreiros da construción e americanos retornados, as sociedades agrarias rachan as lealdades tradicionais da comunidade campesiña cara ós notables locais e desafíanos abertamente, para acceder ó poder local e rematar co pago das rendas forais. Resultaron fundamentais as remesas económicas e os retornados da emigración americana, pero compre diferenciar o comportamento sociopolítico conservador dos indianos acomodados, que adoitaban vivir de rendas e integrarse nas elites locais, fronte ós americanos, que contribuíron decisivamente á dinamización política da paisanaxe galega ata a longa noite de pedra encetada no verán do trinta e seis.

As organizacións campesiñas do movemento agrario empregaron un amplo repertorio de formas de protesta para enfrontarse coas elites locais que controlaban os concellos e a xustiza e para coaccionar ós indecisos. Destaca entre eles, o uso instrumental da violencia con fin políticos contra das propiedades dos caciques e veciños reaccios a secundar a acción colectiva da agraria que pretendía representar á vecindade. Debemos salientar o labor de *Solidaridad Gallega*, que fixo propaganda polos espazos tradicionais de sociabilidade campesiña (feiras, adros parroquiais, fornos comunais...) e espallou rapidamente a estrutura organizacional. Fundaron máis de 400 sociedades solidarias, que participaron nas eleccións municipais de 1909 e 1910 desafiando por vez primeira o monopolio político dos caciques dos partidos dinásticos en cada bisbarra. Atraeron ós profesionais liberais ao agrarismo solidario e organizaron as *Asambleas Agrarias Gallegas* de Monforte presididas polo avogado e publicista Rodrigo Sanz. Xurdiron logo dúas organizacións que recolleron a bandeira agrarista en ámbalas dúas puntas do país: o *Directorio Antiforista de Teis*, que agrupou ás sociedades agrarias da bisbarra de Vigo na defensa do redencionismo como única vía de supresión foral. E a *Unión Campesiña*, fundada polo ‘cubano’ M. Martínez Pérez como organización anarcosindicalista dos labregos coruñeses encostada polos liberal-monteristas que defendían o redencionismo proposto nas Cortes por Eduardo Vincenti. Os antiforistas converteron o Comité Central de Becerreá nunha plataforma política anticaciquil, que mobilizou o voto campesiño en favor do liberal. Este éxito marcou o comezo dunha amizade política cos liberais que empurrou ó movemento agrario á confrontación coas elites locais e provinciais para desplazalas do poder. Esta primeira fase de organización e mobilización agrarista foi transcendental para multiplicar o número de asociacións por toda Galicia e crear uns cadros dirixentes que fosen, cando menos, unha alternativa aos vellos caciques de sempre, pero moitos deses líderes agrarios remataron converténdose nos ‘novos’ caciques dentro das filas liberais, reformistas ou radicais.

Insistían todos na necesidade de federar ás sociedades agrarias e dotalas dun programa político con reivindicacións comúns, para unificar as diferentes colectividades nun

---

3 Os agrarios non foron quen de impor unha transformación revolucionaria da propiedade da terra mediante a abolición da renta foral sin indemnización ó dominio directo, pero acadaron redencións a prezos baixos, racharon o monopolio político dos caciques, fixeron unha relativa modernización das súas explotacións coa introducción de insumos científicos e desenvolveron experiencias cooperativistas que eliminaban ós tratantes intermediarios nas redes de comercialización de gando vacún.

movemento homoxéneo e poderoso. Pero nunca foron quen de facelo e as diferencias internas aumentaron dende a *III Asamblea Agraria de Monforte* pola chegada do crego *Basilio Álvarez* cun discurso populista e mesiánico que non podían aceptar os socialcatólicos partidarios dunha modernización técnica sin confrontacións sociais. O célebre Manifiesto y Estatuto de la *Liga Redencionista de Acción Gallega* publicouse coa adhesión de importantes políticos galegos e varias sociedades agrarias, encetando así a conflictiva andaina de *Acción Gallega*. Esta organización xogou un papel fundamental na vertebración social dos campesiños galegos, impondo a demanda do *abolicionismo* das rendas forais sin indemnización ós señores da terra, acadando a federación provincial das entidades agrarias e defendendo unha participación política autónoma que liberaba ós agrarios do padroado dos liberais e os converteu na oposición en todas partes. Pero coa morte de Canalejas perderon a inmunidade fronte ós caciques locais e *señores do voto* provinciais. O goberno de Romanones-Alba cedeu ante as presións dos notables riestristas e bugallistas e permitiu a persecución xudicial dos líderes e a represión governativa do movemento. Isto coincidiu coas liortas internas, que se saldaron coa deserción de Manuel Portela Valladares, Alfredo Vicenti, López Aydillo e Lustres Rivas do cumio directivo de *Acción Gallega*, rexeitando o control dictatorial que exercía *Basilio Álvarez* sobre a organización, e polos recelos que infundía a súa radicalidade verbal nos sectores sociais das clases medias e do clero rural, que simpatizaran co movemento nos seus comezos (Soutelo, 1999).

O abolicionismo foral e a loita anticaciquil espalláronse por toda a Galicia sur dende 1918 ata 1923, ó tempo que as sociedades agrarias se foron integrando a nivel provincial e mesmo nacional na Confederación regional de Agricultores Gallegos que se creou no Congreso Agrario de Tui, en vésperas xa da dictadura de Primo de Rivera. Este promulgou un Decreto de redención de rentas e foros en 1926 e rematou con esta fonte de conflictividade sociopolítica na Galicia rural. Pero os pequenos produtores campesiños decatáranse xa do valor de recursos políticos como o sufraxio ou a mobilización para negociar cambios na política económica, na administración local e no reparto da propiedade. Eles aparecen ante un Estado débil -que precisa dunha forte rede de intermediarios locais- e ante as clases medias-urbanas que querían acceder ó poder, como a gran masa de manobra política coa que había que contar para manter ou transformar o sistema. A presenza de actores liberal-progresistas de extracción urbana, de líderes obreiros de orixe campesiña, ou de emigrantes retornados nas organizacións labregas de anteguerra é unha constante que ven a demostrar en definitiva, o invisible fluxo das experiencias e utopías entre o mundo rural e a cidade, que seguía ‘facendo libres’ ós que deixaban a nosa terra atraídos polas perspectivas que lles ofrecían os países de alén mar.<sup>4</sup>

4 A emigración a América foi a principal vía de modernización demográfica, económica e sociopolítica de Galicia antes da guerra civil. As familias labregas mercaron as terras aforadas ou o gando posto cos cartos que lles mandaban de aló. Os representantes de banca e axencias de embarque que se espallaron dende os portos ata as vilas do interior fixeron negocio co transporte de emigrantes. As sociedades de instrución construíron máis de 400 escolas para remediar a falla dunha labor educativa do Estado español nas súas aldeas e parroquias de orixe. E os *americanos* retornados, que traían novas ideas liberais (laicismo anticlerical, individualismo e espírito empresarial...), republicanas ou obreiristas, convertéronse no referente a imitar polos seus veciños e no competidor potencial para os vellas elites locais. Todo isto cuestiona a visión pesimista da emigración como unha renuncia a loitar pola transformación sociopolítica do país.

A dictadura de Primo de Rivera conxelou a evolución do agrarismo galego cara posturas ‘revolucionarias’ en setembro de 1923. Boa parte dos cadros directivos do movemento campesiño incorporáronse na administración local, para reforzar a imaxe de saneamento administrativo e renovación de elites que nucleaba o discurso rexeneracionista de Primo e da Unión Patriótica. Os agrarios deixaron de ser a oposición para convertérense, deste xeito, nos ‘novos’ caciques locais, e a política primorriverista para Galicia estivo marcada por un paternalismo populista, que se traduciu na realización de abundantes obras de utilidade pública. Aplicou unhas medidas de modernización económica, dignificación política e recuperación da orde social que satisfacían as expectativas das elites sociais galegas. O grande acerto do Directorio estivo na incruenta ‘doma e castración’ da protesta campesiña, polo expeditivo método de cooptar aos dirixentes locais das organizacións agrarias para a xestión das institucións locais, ao tempo que os privaban da bandeira antiforal, promulgando o decreto de redención de foros que solventaba legalmente o problema foral. Este impuxo unhas condicións totalmente favorables aos foristas que institucionalizaron definitivamente o minifundismo e esgotaron a capacidade económica dos labregos na adquisición dunha terra sobrepreciada, que xa non lle serviría para nada. Convertidos legalmente en donos de seu pola vía redencionista, os labregos xa non puideron acometer unha reconversión productiva das explotacións porque a crise económica de 1929 e a posterior guerra civil cortaron o envío de remesas e a exportación de gando vacún que eran as principais vías de acumulación de capital.

Neutralizadas as proclamas abolicionistas e os radicalismos anticaciquiles que imperaban na última xeira do agrarismo, reorientado agora cara ás transformacións económicas de tipo cooperativista, na que os sindicatos católicos centraran a súa andaina, o Directorio integra nos concellos e na Unión Patriótica a moitos líderes agrarios, seducidos pola presenza do ex-maurista Calvo Sotelo e polas promesas de extirpar o cancro caciquil das vellas elites locais. Isto supuxo a ruptura definitiva dos vellos proxectos para acadar unha unidade das federacións agrarias provinciais nun partido agrario galego. Pero encetou tamén a desfeita dos sindicatos católicos cando o Directorio asumíu o programa da Confederación Nacional Católica Agraria como ideario das súas reformas no mundo rural. A natureza antirrevolucionaria do Directorio fixo que as actividades propagandísticas se centrasen no desenvolvemento agropecuario, cobrando grande protagonismo os enxeiros agrónomos, técnicos e veterinarios, coma os incansables Xabier Prado, Juan Rof Codina ou Cruz Gallástegui, que pronunciaron conferencias e difundiron folletos para espallar unha *agricultura con ciencia* dende a Misión Biolóxica, a Granxa Rexional de A Coruña, as seccións agronómicas provinciais ou os servicios agropecuarios e forestais das deputacións provinciais. Esta actuación institucional coincidiu coa bonanza económica dos anos 1920 e acelerou a inserción das explotacións domésticas galegas nos circuitos comerciais españois, a través, sobre todo, da exportación de gando vacún ós matadoiros españois logo de fracasaren os do Porriño.

O agrarismo rexionalista de Basilio Álvarez afastouse das organizacións obreiras de ideoloxía anarquista ou socialistas nos primeiros anos 1920, porque aquelas difundían as súas ideas entre os labregos e as directivas das agrarias. Refuxiáronse entón no republicanismo radical de Alejandro Lerroux, moi consonte co tradicional populismo campesiñista de Acción Gallega, e agardaron a mudanza no exercicio do poder político coa caída da Dictadura de Primo de Rivera. Os veteranos líderes provinciais reestructuraron



entón a militancia agraria a través dunha sólida estrutura de comités agrarios locais, que levaron a Basilio Álvarez á presidencia do Congreso Regional Agrario de Porriño, cando a súa condición de 'deputable' radical aumentaba as críticas dende diferentes sectores sociais, cuestionando o seu liderazgo no movemento agrario galego.

Os cinco anos da Segunda República supuxeron a coda das transformacións na cultura política e no recambio de elites locais que comezara nas década precedentes. Na Galicia dos anos 1930 traballaban na pesca ou na agricultura dous tercios da poboación activa e só o 13,2% da poboación galega vivía en núcleos de máis de 2.000 habitantes. A diversificación ideolóxica e o establecemento de vencellos máis directos cos diversos partidos, que retornan ó agro para gañarse o apoio das principais organizacións de masas, son o trazo máis característico do agrarismo galego durante a II República. A crise económica, a mobilización política e as ampliadas liberdades de prensa e reunión favoreceron a división das opcións políticas dentro do agrarismo e arrombaron definitivamente a vella aspiración de institucionalizar politicamente a forza social deste movemento cun partido agrario. Os intentos de *Amador Rodríguez Guerra*, que fundou o *Partido Agrario Radical Gallego* con implantación en Pontedeume e o surleste de Lugo, e o *Partido Agrario* de Pontevedra fracasaron nas eleccións de 1933. O potencial político do agrarismo reduciuse ó apoio electoral de boa parte dos deputados galegos, que mimaban as súas relacións coas agrarias porque eran a súa base de manobra electoral, independentemente de cal fose o seu posicionamiento partidario.

O asociacionismo campesiño esténdese ata 1936, polas bisbarras que quedaran abeiradas da mobilización agraria ou nas que só nos consta a actividade de mútuas gandeiras e sindicatos católicos, eclosionando sociedades de tendencia socialista, cenetista, republicana ou galeguista. A deriva esquerdista do agrarismo no quinquenio republicano coincide co esmorecemento das federacións católicas e co aumento da presenza de anarquistas e socialistas nas organizacións labregas. O discurso agrarista evolúe cara ó autonomismo e a defensa do réxime republicano. Protestan contra da importación de carne de Uruguai e reclaman a abolición dos foros, amparándose na redacción da Base 22ª da Lei de Bases da Reforma Agraria de 1932. CNT, PSOE e PCE incluíron nos seus programas a abolición dos foros pero a cuestión xa perdera forza como vector de mobilización da paisanaxe galega.

A depresión económica de 1929 incidiu en España dende 1933, cunha caída dos salarios reais que afectou ós dous subsectores de maior vocación comercializadora da agricultura galega: o gandeiro e o vitícola. As exportacións de vitela, que se reorientaran ó abastecemento dos mercados urbanos de Madrid, Bilbao e Barcelona, sufreron as consecuencias da caída dos prezos e da demanda. Pero os prezos do millo que era a principal forraxe empregada polos gandeiros galegos, mantivéronse estables e os gobernos republicanos autorizaron a importación de carne conxeada, de peor calidade pero máis barata ca dos produtores galegos. Os técnicos e agraristas repensaron a especialización, que podía supor a ruína dunha comarca ou país subordinada á conxuntura dos mercados e ás reviravoltas de tendencias macroeconómicas de imposible control, e apostaron pola orientación progresiva do sector cara á produción láctea sobre a cárnica, porque os prezos do leite soportaban mellor as incidencias da crise e poderíase crear así unha industria agroalimentaria que aplicase en Galicia ó anceiado modelo dinamarqués. Fracasado o proxecto dos matadoiros de Porriño que impulsaran os sindicatos católicos, as industrias

lácteas podían adaptarse á explotación cooperativa. E defenden tamén unha intervención máis intensa do Estado que deixase ó criterio dos técnicos o trazado das liñas principais da política agraria impondo os cultivos axeitados en cada zona, introducindo outros novos para substituír as importacións e aplicando forzosamente a loita contra as pragas para garantir os resultados. A vinicultura atravesou tamén uns tempos difíciles, pois aos problemas xa tradicionais do matute e a filoxera engadíronse a caída das exportacións e a competencia dos viños españois nos mercados galegos.

Os socialcatólicos interpretaron a recesión económica dos primeiros anos 1930 como consecuencia do industrialismo, a emigración ou o liberalismo económico, que alteraran a suposta integración corporativa da Galicia rural tradicional. Os galeguistas apuntaban tamén as vantaxes dunha economía orgánica de policultivo e autoconsumo familiar, modernizada sobre unha base cooperativa como a envexada Dinamarca. Isto explica a amplitude de apoios sociopolíticos que tivo o *Plan Gallástegui*, que pretendía mellorar a orientación comercial do complexo agrario galego mantendo o policultivo e a explotación familiar. Con todo, a Segunda República foi o período no que o tecido institucional de innovación científica da agricultura acadou a máxima extensión en número de centros, orzamento e sintonía do seu persoal técnico cos labregos das sociedades e sindicatos agrarios. Todas as organizacións campesiñas reivindicaban a mellora na formación do agricultor e a aplicación dos adiantos científicos na agricultura, comezando pola reposición da Escola de Veterinaria de Santiago ou a potenciación da Misión Biolóxica.

A sublevación militar de xullo de 1936 abriu unha longa noite de medo e fame, coa desfeita do tecido asociativo dos agrarios e a persecución inmisericorde de todos aqueles que estivesen vencellados coa mobilización sociopolítica das clases subalternas. A férrea represión e a imposición dunha política autárquica, baseada no control da produción e dos abastecementos, que xenerou un xigantesco mercado negro, devolvéronlle a hexemonía económica e social aos propietarios e as elites políticas locais, que controlaban os concellos, a Falange e as *Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos*, e que se enriqueceron estraperlando coa fariña, o aceite ou o sulfato que debían repartir para abastecer á poboación naqueles tempos de medo e fame.

## II.- NA PROCURA DUNHA IDENTIDADE COLECTIVA: A XERACIÓN DAS IRMANDADES

Tense explicado o salto cualitativo do Rexionalismo ó nacionalismo representado polas *Irmandades da Fala* por unha dinámica de adhesións individuais de persoeiros que ata entón se mantiveran afastados do movemento e que entran agora no Galeguismo coa arela de lideralo. A chegada de Antón Losada Diéguez foi sen dúbida, a máis importante delas, por ser a máis temperá e sobre todo, polo traballo de proselitismo a prol do movemento. Pero o pistoletazo de saída deuno Antón Vilar Ponte ó convocar unha xuntanza nos locais da Real Academia Galega para o 18 de maio do 1916, alentado pola aceptación que tivera a súa proposta para a creación dunha «Liga de Amigos do Idioma galego» entre diversos sectores da prensa. A esta reunión asisten senlleiras figuras do rexionalismo (Lugrís, Carré Aldao, Tettamancy...), xunto con novos valores procedentes do republicanismo e do tradicionalismo católico, e dela xurdirá a primeira Irmandade dos Amigos da Fala da Coruña. A iniciativa recibiu unha excelente acollida en amplos sectores da vida social e política galega, que interpretou os seus obxectivos como de índole exclusivamente cultural



(fomentar o uso do galego entre os seus asociados, facilitar o acceso ós medios de comunicación dos escritores en lingua galega, defender e recuperar tódalas manifestacións culturais propias de tipo folklórico e profundar no coñecemento do pasado étnico daquel pobo de orixes celtas), ata que o célebre Manifesto da Asamblea de Lugo (17/18-XI-1918) demostraba que aquel fato de *irmáns* arelaban unha autoidentificación que pasaba pola concienciación do carácter nacional de Galicia.<sup>5</sup>

Os integrantes desta Xeración das Irmandades naceran na década de 1880, desenvolveron unha labor cultural sin precedentes, fundando e sostendo revistas culturais (Nós, Arquivos do Seminario de Estudos Galegos), editoriais (Nós, Céltiga, Lar) e institucións que promocionasen a literatura e sistematizasen o estudo da cultura Galega como alicerce do ‘volkstum’ galaico, que viña do pasado e eles querían proxectar cara o futuro. Organizáronse arredor do grupo coruñés, de extracción socioprofesional mesocrática e ideoloxía liberal democrata, e do cenáculo ourensán-pontevedrés reclutado por Losada Diéguez e integrado polos Risco, Cuevillas e Pedrayo, que compartían unha ideoloxía neotradicionalista baseada nun suposto organicismo armónico da sociedade rural galega e no cristianismo como seña de identidade da nosa terra. Estes neofidalguiños ultracatólicos deixan de dar voltas arredor de si, isolados nas torres de marfil do vangardismo cultural que exhiben en *La Centuria*, cando se decatan que o mundo soñado e querido por eles está a mudar: os vellos imperios esfareláranse logo da grande guerra, os labregos e obreiros sin voz e asoballados pola Historia erguéranse en Rusia e remataran coa autocracia zarista, e as organizacións agrarias galegas estaban a mobilizarse, cun certo éxito, contra dos caciques, os trabucos e os foros, que eran a herdanza do mundo decimonónico señoreado polos seus devanceiros. Átópanse perante a rebelión das masas, que entran en tromba na Historia, e os ourensáns dispóñense a controlar a avalancha dirixindo o nacionalismo, un movemento político aínda virxe e con potencialidade para atraer ás camadas populares e ás clases medias do país, aínda que eso os obrigue a inventar un pasado harmónico e socialmente integrado.<sup>6</sup>

Estes homes botaron a andar as organizacións que acabaron confluindo no Partido Galeguista e na ORGA, acadaron o primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia, que foi refrendado polas Cortes da República en plena guerra civil, o que permitiu que a Constitución de 1978 recoñeza a Galicia como unha ‘nacionalidade histórica’ con características específicas que sobardan ás dunha ‘región’ de España. Artellaron un movemento político nacionalista, que representa o salto cualitativo do Galeguismo a súa

5 Afirmando no devandito Manifesto que “*tendo Galicia tódalas características esenciais de nacionalidade, nós nomeámonos, de hoxe para sempre, nacionalistas galegos, xa que a verba «rexionalismo» non recolle tódalas aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas»*”.

6 Estudian a Etnografía, para coñecer in situ o modo de vida do labrego galego que era o depositario das esenciais nacionais, a Arqueoloxía e a Prehistoria, para rastrexar a galegitude dos primitivos celtas e castrexos, ou a Xeografía, para entender mellor a simbiose orgánica do paisano galego coa terra nai. Véxanse, neste sentido, os estudos: “unha parroquia galega nos anos 1920-1925” que realizou Vicente Risco en Villaamil e Sabariz (Rairiz de Veiga, Ourense) e publicou na *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* en 1959; *Parroquia de Velle* de F. L. Cuevillas e X. Lourenzo, publicado polo Seminario de Estudos Galegos en 1936; *A Civilización Céltica de Galicia* do propio Cuevillas ou a impresionante obra ensaística de Otero Pedrayo. O papel deste sector de fidalguiños neotradicionalistas no Galeguismo, e a cosmovisión católica e ruralista de Galicia que tiñan os homes da Xeración Nós, está maxistralmente explicado por Ramón Villares (1997: 63 e ss.).

fase nacionalista e abrangue cronolóxicamente, dende a fundación da Irmandade da Fala de A Coruña o 18 de maio de 1916, ata a fundación do partido Galeguista en Pontevedra entre os días 5 e 6 de decembro de 1931. Na formación dos primeiros grupos confluiron persoeiros de ideoloxía diversa: rexionalistas fogueados en Solidaridad Gallega, neotradicionalistas acaudillados polo Grupo Nós de Ourense e algúns republicanos federalistas dirixidos polos irmáns Vilar Ponte. Vicente Risco e Ramón Vilar Ponte -en menor grao aínda que máis temperán- convertéronse nos ideólogos do movemento, establecendo unha definición esencialista da nación galega como un 'volkstum' con lingua, etnia, territorio, pasado colectivo, tradicións e institucións propias e diferentes dos outros pobos peninsulares. Isto conferíalle un ser colectivo ou 'volksgeist', que se proxectaba dende a Historia e convertía ós habitantes de Galicia nunha 'nación en si,' con independencia da existencia ou non dunha conciencia nacional que activase eses elementos immanentes de tipo orgánico-historicista, na procura dun futuro colectivo e compartido. Este os nacionalistas xa llo ofrecían ó pobo como unha aristocracia intelectual de Bons e Xenerosos, que se autoencomendaran o deber sagrado da liberación nacional e da recuperación das esencias enxebres de Galicia.

Antón Vilar Ponte recuperou en novembro de 1916 a cabeceira do periódico *A Nosa Terra*, que xurdira como voceiro da organización rexionalista Solidaridad Gallega en 1907, para espallar os novos plantexamentos do nacionalismo galego. ANT converteuse no mellor instrumento das Irmandades para actuar na sociedade galega e na política durante a crise da Restauración e a Segunda República, que foi a xeira transcendental para a construción dun proxecto nacional para Galicia. Acadou o cumio de difusión en novembro de 1917, con 2.000 exemplares, que deveceron ata só 500 dende a chegada da dictadura primorriverista ata os 1100 de 1934, o que indica a escasa pegada real do nacionalismo na sociedade galega da época. Definiúse dende o comezo da súa andaina, como un periódico nacionalista, que fixo do idioma galego a súa seña identitaria e que denunciaba o atraso económico de Galicia e as compoñendas caciquiles dos partidos dinásticos, representados en Galicia polos clans dos Besada, Gasset, Riestra, Bugallal, Figueroa e Viturro. Os irmandiños comezaron a denunciar nas súas páxinas, os atrancos para a modernización económica do país e a necesidade dunha descentralización política para Galicia. Dirixíase especialmente ós profesionais liberais e ós comerciantes urbáns e vilegos, que identificaban como parte potencial da elite redentora da que eles se autopercebían como a cerna, pón dolles a Irlanda como modelo de construción nacional.

As Irmandades estaban organizadas máis como unha federación de clubs que como un partido político e mantivéronse arredadas da loita electoral ata que encetan os contactos coa Lliga en setembro de 1917. O seu programa xa aparece exposto no *Manifesto da I Asambreia Nazonalista* en Lugo (17/18-XI-1918), centrándose nos temas que seguen:

- A defensa a ultranza do tradicional modo de vida rural das pequenas explotacións familiares labregas, porque o campesiñado era o grupo social numericamente maioritario e a súa produción agrogandeira constituía o alicerce da economía galega. Pero é que, ademais, a paisanaxe galega conservaba tódalas esencias do volkstum galaico. Resumen a problemática agraria na miseria labrega provocada pola política económica do Estado español baseada no proteccionismo arancelario contrario ás necesidades importadoras do complexo agrogandeiro galego (millo e adubos químicos sobre todo). Evitan analizar a conflictividade interna da sociedade galega, porque isto obrigaríalos a condear o papel economicamente inerte dos *foristas* cos que o Grupo Nós ourensán se identificaba.

-O atraso das comunicacións por estrada e ferrovía, que evidenciaba o desinterés multiseccional do centralismo castelán polo desenvolvemento económico de Galicia.

- A emigración, saída derradeira ou case única para o asoballado labrego galego, que tiña asemade consecuencias negativas para o país. O éxodo laboral dos homes novos bloqueaba as oportunidades de artellamento e mobilización sociopolítica na Galicia rural para Castelao. Pero ó seu 'irmán' Risco preocupáballe máis que as novas ideas laicistas e anticlericais, enxergadas cos costumes disolutos dos americanos que retornaban as súas aldeas de orixe, estragasen axiña os alicerces daquela Arcadia rural, socialmente harmónica e integrada na que cada quen sabía do seu lugar e os 'merdentos' labregos seguían a turrar do sacho.

- Reivindicación dunha autonomía integral para a nación galega, no marco dun estado federal ibérico que permitise a integración con Portugal.

A organización do movemento comezou propiamente cando uns trinta persoeiros respostaron á chamada de Antón Vilar Ponte e fundaron a Irmandade da Fala de A Coruña nos locais da Real Academia Galega (18 de maio de 1916). Chegáronlle axiña outras vinte adhesións da elite do rexionalismo galego (Lugris, Tettamancy, os Carré, Rodrigo Sanz, Lois Porteiro, etc), pronto se funda a I.F. de Santiago e reaparece A Nosa Terra como voceiro do movemento. Constituíronse 28 irmandades, ademais das células de Madrid, Bos Aires e a Habana, pero a súa militancia foi sempre foi escasa, predominando os intelectuais, artistas e docentes de instituto ou da universidade (Porteiro, Viqueira, Losada, Risco, Otero, etc). Intentaron dotarse dunha estrutura federal, funcionar como un partido político e atraer o voto das organizacións agrarias dende 1918, pero os sucesivos fracasos electorais e as liortas internas determinaron a limitada expansión desta iniciativa no tecido social e nas redes de poder da Galicia da época. Tomamos do profesor Xusto G. Beramendi a periodización da andaina política das Irmandades que reproducimos a continuación:

A primeira fase ou de nacionalismo unido (1916-1922), abrangue dende a orixe ata os sucesivos fracasos e abstencións electorais que incendiaron o debate interno sobre a táctica política a seguir. A Irmandade da Fala de A Coruña defendía a participación política nas contendas electorais, buscando alianzas con outras forzas contrarias ó esgotado sistema da quenda dinástica. Unha estratexia que anunciaba a súa posterior integración cos republicanos de Casares Quiroga na ORGA. Pero impúxose a liña que defendía Vicente Risco, de non intervención electoral e de concienciación galeguista no tecido social do país, gracias ó respaldo dos irmáns Vilar Ponte e a costa de esgazalo movemento. O triunfo das teses nacionalistas, fronte dos partidarios do rexionalismo, na I Asamblea das Irmandades co respaldo do grupo ourensán e a morte de Porteiro Garea mudaron totalmente a evolución do movemento das Irmandades. Medrou o papel dos neotradicionalistas ourensáns, coutando as proclividades obreristas do triunvirato que formaba o finado con Ramón Vilar Ponte e Xaime Quintanilla, o que impediu que o Galeguismo se achegase con éxito, ás organizacións obreiras e campesiñas.

A estrea política das Irmandades produciuse nas eleccións de 1918, tutelados pola Lliga Regionalista catalana e coaligados co Maurismo, e o fracaso foi total, agás no caso de Losada Dieguez que apadriñou ó mozo maurista José Calvo Sotelo no distrito do Carballiño. Vicente Risco foise convertendo no intelectual orgánico do movemento logo de publicar a súa *Teoría do nacionalismo galego* (1920), aínda que xa é da súa autoría a *profesión de fe galeguista* xurdida da II Asamblea Nazonalista (Santiago, 7/9-XI-1919). Os coruñeses impuxeron as súas tácticas a prol da participación electoral na III Asamblea

Nazonalista (Vigo: 16/18-IV-1921), pero nela aprobaron tamén o novo modelo de estrutura organizativa, máis centralizada que propuña Risco. Elexiron un Consello permanente, integrado polos irmáns Vilar Ponte, M. Banet Fontenla, o propio Risco e o primeiro conselleiro da Irmandade da Fala herculina, que agrupaba a máis da metade da militancia total, pero quedaba en evidente minoría no novo órgano rector. O Consello aceptou as teses risquianas de non intervención nas eleccións provinciais duns meses despois e estouparon as liortas internas. O propio Antón Vilar Ponte saíu en defensa de Risco cun artigo contundente e dimitíu como director de ANT en xaneiro de 1922.

As diferencias cos integrantes da corrente liberal-democrática das Irmandades eran moitas. Integrábanse intelectuais progresistas xurridos das clases medias urbanas (Peña Novo, Viqueira), ou das camadas populares como Castelao e Alexandro Bóveda. Entendían o Nacionalismo como un instrumento ideolóxico para instaurar a democracia e unhas reformas económicas que permitisen o progreso intelectual e material da poboación, especialmente unha modernización do agro baseada na especialización gandeira, na xeralización e consolidación da pequena propiedade campesiña e na organización de agroindustrias e cooperativas de produción, comercialización e consumo. Pero cando analizan os atrancos estruturais para a transformación capitalista das pequenas explotacións domésticas, chegan a conclusións idénticas cas dos seus 'irmáns' neotradicionalistas de Ourense: o campesiñado galego debe rexeitar as interpelacións políticas das vellas e novas elites de poder, porque os seus problemas son exclusivamente económicos, concentrando os seus esforzos na protección da riqueza agrogandeira, que é o único camiño seguro para acadar a redención económica e social de Galicia. Esta argumentación, sobre uns tópicos que lles resultaban politicamente moi operativos para mobilizar á paisanaxe galega, subliñaba tamén o atraso do seu equipamento mental e material, debido ó abandono secular polas institucións do Estado centralista español.

Este sector liberal-progresista das clases medias urbanas e vilegas, presentaba un proxecto nacionalista de tipo reformista, centrado na defensa dos intereses económicos e sociais de Galicia que personificaban no pequeno propietario parcelario. A culpabilidade do atraso agrogandeiro do país correspondíalle, por suposto, ós actores alleos á sociedade galega, que só interviñan nela para subordinala e desestructurar a súa armonía orgánica. Unicamente aparecen en períodos electorais, as críticas ocasionais á estrutura foral da propiedade ou ó reparto desigual da produción agraria, pola táctica de achegamento ás reivindicacións agrarias. Os nacionalistas cando cuestionan o comportamento economicamente inerte das clases rendistas, que parasitaban o excedente da riqueza agraria galega, ofrecen sempre unha solución de carácter técnico compatible co seu programa interclasista, baseado na orde social e na colaboración de señores e labregos fronte ós actores políticos de procedencia urbana que pretendían engaiolar con promesas mesiánicas ó campesiñado galego. Antón Vilar Ponte denunciaba a cotío a subordinación económica de Galicia respecto dos intereses do Estado centralista, ou a trabucada orientación política do movemento agrarista dos labregos, que só beneficiaba ós líderes das organizacións mentras se desatendía a reivindicación dunha política económica consonte cos intereses prioritarios do terra nai. Esta pasaba inexcusablemente polo librecambismo para a importación de cereais, conxugado co oportuno proteccionismo para as carnes galegas que garantía ó mesmo tempo, a consolidación do sector agropecuario galego e o abastecemento das cidades españolas, que era a principal finalidade da política estatal para desactivar a conflictividade social latente polo aumento do prezo das subsistencias.

Vilar Ponte fai de tódolos xeitos, unha aguda identificación dos elementos lesivos para a economía galega e dos beneficiarios que nos remite sempre, á política económica do Estado centralista español.<sup>7</sup>

A segunda fase é a da escisión entre a Irmandade Nazionalista Galega (1922-1924) e a I.F. de A Coruña. Os irmandiños de Ferrol liderados por Xaime Quintanilla e Ramón Vilar Ponte defenden o nacionalismo integral e o non intervencionismo electoral propugnado por Vicente Risco e solicitan a convocatoria dunha IV Asamblea, que tivo lugar en Monforte (18/20-II-1922). Risco maniobra entón dun xeito maquiavélico para controlar a organización: muda o regulamento de voto pasando de un delegado por cada dez afiliados a unha representación paritaria de tres por Irmandade para asegurarse a maioría e que non triunfase de novo a liña política da IF de A Coruña. O ourensán desfai o vello federalismo do movemento creando a I.N.G, unha organización centralizada e presidencialista na que deberían ingresar tódalas irmandades e grupos galeguistas, converténdose en delegacións locais daquela. Pero os da Coruña rexeitan os acordos de Monforte, non entran na ING risquiana e excíndese coa metade da militancia e co ANT. Os adeptos da ING crearon un novo voceiro, *Rexurdimento*, que difundiu o ideario de liberación nacional de Galicia, afirmando que “*o réxime autonómico e federal é a arela mínima do nazionalismo galego*”, no seo dunha confederación ibérica. Este obxectivo estratéxico precisaba dun partido nacionalista disciplinado, que actuase como vangarda rectora do proceso, no triple eido da propaganda política, da concienciación da sociedade galega e do desafío ó estado centralista español. E Vicente Risco, o seu Conselleiro Supremo, dirixiuse entón ó campesiñado galego, co célebre manifesto *A Irmandade á sociedade*, que presentou na V Asamblea (A Coruña, 18/19-III-1923). O radicalismo populista deste documento, sorprendente no seu autor, explícase polas súas arelas de achegarse ás organizacións do movemento agrario galego, que constituían a maior reserva de votos existente no país. Pero a chegada do Directorio militar liquidou un proceso que non retomarán ata a República.

7 Este “*trata de seguir dispensándolle un proteccionismo antieuropeo e antiprogresivo, favorecedor doutras nacionalidades ibéricas e agola aforcadora da nosa economía... Inda se quere a libre introducción de carnes conxeadas da Arxentina, mentres se restablece o arancel contra os cereais americanos... Como Galicia é mansa, resignada e cobarde polo dereito a comer pan volverá a dar 20 millóns de pts. ó ano ós trigueiros feudais da Meseta e caseque o mesmo ós señoróns pañeiros de Cataluña e ferreteiros de Vizkaia, que as carnes galegas sufran por todos. Para que a economía primitiva e atrasada doutras terras poida xurdir, que a nosa Terra sexa sacrificada... ¿É para chegar a isto houbo e hai centos de assembleas agrarias polos nosos pobos?. Máis co inxenuo decreto de Besada, faría pola cidadanía a continua acción de todos os labregos galegos en defensa da propia economía que o bárbaro proteccionismo do Estado centralista mantén ca absoluta imposibilidade de progreso. Costa dixo que quen ten a chave dos estómagos ten a das consciencias... ¡Pobre país de escravos que non tén máis daquelo do que é merecedor!. ¡Desgraciada Terra que non se decata que a súa solución áchase nun nacionalismo forte e puxante que faga valer con orgullo consente o feito indubidabel de ser o único de España que con absoluta independencia, como nación cidadán podería vivir unha vida prospera i europea!... Galicia é tratada como un pobo alleo polo Estado que nos ten declarado a guerra de tarifas... As maiorías do Parlamento español, incluíndo ós cuneiros galegos están polo arancel... Rebaixar os dereitos da importación de millo para que suban as exportacións de gando non lles convén ós latifundistas casteláns pero amosa canto progresaría a agricultura galega de ter chegado a supresión absoluta do arancel ó trigo e ó centeo. Con isto e ca supresión temporal da contribución por dez anos como propuxo Arturo Noguero para as terras adicadas a prados, Galicia loitaria cas carnes arxentinas e podería establecer matadeiros industriais” (“A escravitude económica da Nosa Terra: Galicia peor tratada ca unha colonia de negros”, *La Zarpa*, 20-XI-1921), o subliñado é noso.*

A terceira etapa é a do nacionalismo baixo a dictadura (1924-1929). Confiaban ó comezo, que o cirurxán de ferro exterminase o vello caciquismo dos partidos dinástico e que descentralizase a administración, suprimindo as deputacións que eran, xa daquela, o paradigma do centralismo e toco do clientelismo político máis rancio. Os da ING participaron agora nas eleccións municipais e provinciais e Antón Vilar Ponte, Vicente Risco e Losada Diéguez acadaron actas de deputado provincial. Presentaron entón un proxecto de Mancomunidade Galega na assemblea constituinte de representantes das catro deputacións (Santiago, III-1924). Pero víronse defraudados pola realidade, co comezo da represión política e renuncian ós seus cargos. Aproveitaron aqueles anos de silencio forzado para desenvolver tarefas culturais e intentar a reunificación cos irmáns de A Coruña.

A xeira final das Irmandades correspóndese coa reorganización no abrente da República (1930-1931), na que Antón Vilar Ponte xoga de novo un papel protagonista. Reintégrase no grupo coruñés e mergúllao no proxecto republicano, federalista e autonomista da ORGA, que se funda na cidade herculina en outubro de 1929. Tiñan dous obxectivos principais e outros tantos inconfesos, distintos pero non necesariamente incompatibles, que respastaban ás estratexias políticas das dúas tendencias que integraban o grupo fundador. Os republicáns, afectos ó Casino Republicano herculino e liderados por Santiago Casares Quiroga, arelaban a instauración dunha república en España e querían artellar unha organización política que lles permitise inserirse nas emerxentes estruturas de poder do novo réxime. Os da Irmandade da Fala de A Coruña, liderados por Antón Vilar Ponte, apostaban polo accidentalismo formal do réxime e sumáronse ó proxecto casarista para acadala autonomía para Galicia e “galeguizar” a nacente organización política, nunha sorte de piñeirismo inxenuo, que endexamais acadou na realidade galega os resultados que arelaban os seus creadores. Estes nacionalistas republicanos constituían o grupo maioritario, pero carecían do pedigrí republicano dos casaristas, que controlaron a organización e foron abeirando os obxectivos autonomistas e federalistas presentes no Manifiesto Fundacional da ORGA. Este documento era un auténtico compendio do ideario político do nacionalismo democrático da época, porque recollía a transformación do estado español nunha república federal que consagrarse a democracia e as liberdades públicas, a secularización da vida política e do ensino e a non intervención política do Exército.

Os restantes nacionalistas mobilizáranse perante a renuncia dos coruñeses a manter unha organización política autónoma e convocaron a VI Asamblea Nazionalista, naquela cidade (27-IV-1930), para reflotar un movemento nacionalista unido, pero o proxecto fracasou porque os nacionalistas da ORGA asinaron xa o Pacto de Lestrove (26-III-1930) cos representantes de Acción Republicana, do Partido Radical e membros da CNT, para constituir a Federación Republicana Galega, loitar a prol da Autonomía de Galicia nun marco democrático republicán e delegar a súa representación no propio Casares Quiroga para a reunión de San Sebastián. Os orguistas sentenciaron así a defunción real das Irmandades e asinaron logo o Compromiso de Barrantes cos republicanos, para loitar xuntos a prol da extirpación do centralismo e do caciquismo, pola consecución dunha ‘autonomía plena’ para Galicia, a liberación da terra e a dignificación social da paisanaxe galega.

Vicente Risco encostou publicamente o acordo de Barrantes nas páxinas de ANT, aprobando implícitamente a participación electoral conxunta cos republicanos. Ó tempo, fóronse artellando grupos de ámbito local ou provincial arredor do eixo Vigo-Ourense-Pontevedra, que participaron en solitario nas eleccións constituintes de xuño de 1931,



acadando unha acta de deputado para Castelao pola Candidatura Galeguista, que integraban o Grupo Galeguista de Vigo e o Partido Galeguista de Pontevedra, e outra para Otero Pedrayo polo Partido Nacionalista Republicano Ourensán coaligado cos radicalsocialistas e a Federación Republicana Galega. Esta acadou un soado triunfo electoral, en alianza co PSOE, nas cidades e vilas o 12 de abril, e catorce actas de deputado nas eleccións constituintes de xuño, que lle abriron a porta grande da coalición governamental presidida por Azaña. Casares Quiroga ocupou sucesivamente, as carteiras de Marina e Gobernación, mentres que Antón Vilar Ponte e Ramón Suárez Picallo defendían os intereses de Galicia nas primeiras Cortes republicanas.

A postura da ORGA perante as demandas autonomistas voltouse entón ambivalente, deixándolle a defensa do Estatuto e a gloria da súa consecución ó Partido Galeguista. As causas foron os contínuos atrancos que puxo o propio Casares dende o Ministerio de Gobernación e o control que exerceu sobre o agora denominado Partido Republicano Gallego, marxinando ó sector nacionalista republicano de Antón Vilar Ponte, quen abandonou a ORGA ó rematala súa representación parlamentaria en 1933, para retornar cos seus ‘irmáns’ do P. Galeguista ó ano seguinte. Pero debemos ter presente, que outros orguistas promoveron os dous proxectos estatutarios que non coallaron (o da asamblea do 4 de xuño de 1931 e o “Estatuto dos parlamentarios”), relanzaron o proceso autonomista cando o alcalde de Santiago López Pol convocou a asamblea de municipios (VII-1932) da que saíu o proxecto definitivo aprobado en decembro daquel ano, e constituiron o Comité Central de Autonomía de Galicia, presidido polo orguista Osorio Tafall, para recadar fondos, organizar a campaña autonomista e arrancarlle ó Consello de Ministros o decreto para a celebración do plebiscito.

O fracaso das arelas federalistas e os atrancos de Casares Quiroga no ano inaugural da República decepcionaron a moitos orguistas, acelerando a reunificación dos nacionalistas arredor do Partido Galeguista, que fundaran os ourensáns e pontevedreses en decembro de 1931. Foi a primeira vez que Galicia contou cun partido político nacionalista con deputados de seu nas Cortes do Estado español. É certo que non acadaron o respaldo electoral da maioría dos galegos, que a súa voz tampouco foi moi escoitada en Madrid e que ata tiveron que pactar a concesión dun Estatuto que cataláns e vascos xa acadaran antes. Pero si hoxe goberna Galicia un partido que se declara galeguista e anda na procura da autoidentificación para frear a chegada dun Josué do nacionalismo ó Pazo de Raxoi é, en grande medida, porque o hercúleo traballo de investigación e creación cultural e sobre todo de organización e propaganda política, que desenvolveu aquela xeración acaudillada polos Vilar Ponte, Risco, Bóveda e Castelao, asentou os alicerces da identidade nacional de Galiza, unha terra que superou por fin, os atávicos complexos de inferioridade e se proxecta fachendosa na conquista do futuro.

### III.- OS IRMÁNS VILAR PONTE NA ORGANIZACIÓN E SISTEMATIZACIÓN TEÓRICA DO NACIONALISMO GALEGO DE ANTES DA GUERRA.

Antón Vilar Ponte, que é o máis vello e coñecido dos dous irmáns, aseméllase a un David do Galeguismo pola súa labor organizativa, reivindicativa e de contribución ó pensamento nacionalista das Irmandades. Naceu nunha familia de clase media e ideoloxía monárquico-conservadora en Viveiro, un 2 de outubro de 1881. Militou no republicanismo filobreirista e de esquerdas dende a súa etapa de estudante de Farmacia en Santiago, na

que descubriu tamén a súa vocación de xornalista. Encostou as folgas e reivindicacións dos obreiros da Mariña dende as páxinas do semanario republicano *Nueva Brisa* de Viveiro (1899) e colaborou en *El Combate*, que era o voceiro dos federalistas coruñeses de Moreno Barcia. Licenciouse en 1901 e instalouse como farmacéutico en Foz tres anos despois. Escribiu entón as súas primeiras obras en galego (*A patrea do labrego* en 1905) e foise achegando ó Galeguismo, por influxo cecais de Noriega Varela, que o mergullou na loita anticaciquil dende o periódico satírico e anticaciquil *Guau-Guau*. Actuou como secretario do Comité Republicano de Mondoñedo, que presidía Leiras Pulpeiro, e fixo un chamamento o 7 de xaneiro de 1905, dende a *Revista Gallega* de Galo Salinas, que era o voceiro oficioso do rexionalismo liberal coruñés, para que celebrasen unha asemblea fundacional dunha Liga de Amigos de Galicia.

Emigrou a Madrid en 1906, para probar fortuna como xornalista. Integrouse nos círculos republicanos ó tempo que exerce como redactor de *Tierra Gallega*, órgano do republicanismo coruñés, dende o que critica duramente a Solidaridad Gallega, polo seu excesivo conservadurismo e subordinación ó separatismo catalán. Chega a Habana en maio de 1908 e mergúllase no ambiente rexionalista da elite emigrada, que o nomea secretario da Comisión Protectora da Real Academia Galega. Achégase definitivamente ó Galeguismo e alterna con éxito, o xornalismo e as conferencias sobre temas galegos. Coñece a Ramón Cabanillas, dirixe o *Diario Español*, no que traballaba Luis Bagaría, e as revistas *Follas Novas* e *Alma Gallega* vencelladas coa influente colonia galega. Retornou a Galicia en 1910, establecéndose na Coruña como corresponsal dos diarios *Diario de la Marina* da Habana e *Correspondencia* de Cienfuegos. Entrou deseguida como redactor de *La Voz de Galicia*, consolidando a brillante carreira de xornalista da que viviu o resto dos seus días. Decatouse da importancia da cultura galaico-portuguesa, cando o enviaron a cubrir a información sobre a revolución portuguesa. Vencellouse entón cos rexionalistas coruñeses, que presidía o patriarca Murguía, e co círculo rexeneracionista e agrario-rexionalista madrileño de *Estudios Gallegos*. Pero foron as conviccións fundamente republicanas e democráticas de Lugris Freire as ideas que máis o empurraron ó Galeguismo. Deste xeito, o pensamento de Antón Vilar Ponte xa estaba conformado no abrente da segunda década do século XX -lémbrese que fundou a Irmandade da Fala de A Coruña o 18-V-1916 e reorganiza con Peña Novo e Lugris Freire o semanario A Nosa Terra en novembro daquel ano-, xirando arredor de tres ideas-forza:


Un liberalismo democrático de corte federal, na tradición pimargalliana que defendía o sufraxio universal (tamén feminino), e as plenas liberdades de asociación e reivindicación para tódolos cidadáns nun estado federal, sin deputacións provinciais e con amplias autonomías para as nacións e rexións históricas.

Un rexeneracionismo socioeconómico, consonte coas argumentacións desenvolvidas polos técnicos de *Prácticas Modernas*, que asumiron os agraristas e rexionalistas dende as asembleas agrarias de Monforte. Reivindicaron todos eles, a protección das pequenas empresas industriais, comerciais e sobre todo, da pequena produción campesiña, que constituía o alicerce económico e social de Galicia, mediante a redención foral, a difusión das modernas técnicas de cultivo, maquinaria e sementes seleccionadas, a mellora das comunicacións e a comercialización cooperativa da produción.

Un nacionalismo liberal historicista, aprendido de Murguía, segundo o cal Galicia tiña tódalas esencias dunha nación (unha étnia cunha lingua, unha cultura e un pasado colectivo de seu desenvolvido nun territorio ó longo do tempo). E radicalizado pola influencia de

Risco, que levou a Antón Vilar Ponte a considerar que Galicia tiña uns dereitos políticos e históricos que só poderían verse satisfeitos nunha confederación de nacións ibéricas, na que o estado galego tería absoluta soberanía política, económica, educativa e cultural agás en moeda, defensa e relacións internacionais.

O maior dos Vilar Ponte sobarda así as formulacións rexionalistas do Galeguismo e defende que a nosa terra tiña tódolos elementos definitorios dunha 'nación', nos artigos que agrupou no folleto titulado *Nacionalismo Galego. Nuestra afirmación regional*. Podemos seguir a evolución do seu pensamento político a través dos artigos de opinión na sección "pretextos cotidianos" de *El Pueblo Gallego*, recompilados na antoloxía *Pensamento e Sementeira*. Paga a pena consultar tamén, os que agrupou baixo o título de *Discursos á nación galega*, lembrando a famosa obra de Fichte, ou o



Antón Vilar Ponte (Viveiro, Lugo, 1881-A Coruña, 1936). Fotografía da Gran Enciclopedia Gallega.

prólogo que lle fixo ó *Idearium Regionalista* de García Acuña en 1924. Afirma nos *Discursos* que "unha patria é moito máis aínda, é outra cousa: sincronismo do espírito e do corazón; uniformidade para o esforzo e disposición semellante para o sacrificio; comunidade nas arelas de grandeza, nas vergoñas da humillación e no desexo de gloria... A patria é a solidariedade sentimental da raza". E conclúe que "vive pois fora da realidade, nega tódalas leis do sentimento e tódolos fenómenos do meio, da raza, do ambiente,... pasando de home natureza a home títere- como diría Goethe- quen afirme ser español antes que galego, catalán, vasco, andaluz etc".

O seu modelo nacional de referencia é, xa que logo, o esencialista da escola historicista alemana, no que apenas se ten en conta ós cidadáns do suposto *volks* nin a súa conciencia nacional, entendida como compromiso libremente asumido na construción dunha patria común e referente identitario colectivo. Está máis clara aínda, a súa visión de España na *Escolma de artigos nazonalistas* (1936), enténdeala como unha pura abstracción sumativa das rexións que "serán sempre, con ou sin España", unha realidade empírica, xeográfica. Deste xeito, "non é preciso gastar o miolo pra afirmarmos que isa abstracción chamada España é filla das rexións. Primeiro foron as rexións que España". E ceiba logo o patriotismo visceralmente anticastelanista, coas obrigadas loubanzas ó mariscal Pardo de Cela.

Concibe á Lingua como o alicerce da diferenza nacional galega, cunha rotundidade que non desmerece en nada a do propio Castelao. Responsabiliza a España dos males endémicos que asoballan a nosa terra e ofrece, como alternativa para comparar, a situación idílica que disfrutaría Galicia como cabeza de Portugal. Un camiño cara á gloria que os galegos deben percorrer guiados polos seus líderes naturais, ós que Vilar Ponte presenta como facían Losada Diéguez ou Otero Pedrayo.

Identificadas xa as esencias da galegitude, asemade dos factores estruturais e dos actores sociais que atrancaban o desenvolvemento de Galicia, só lle resta argumentar debidamente que a solución a tódolos seus males pasaba necesariamente polo proxecto de nacionalismo que defendían aqueles intelectuais orgánicos dunha minoría de ‘bos e xenerosos’ disposta a traballar arreo para ceibala terra nai. Trátase dunha argumentación que acadou *chance* no discurso oficial do nacionalismo de posguerra e na intelectualidade orgánica que o fornecía, polo seu populismo e simplismo maniqueo. Fundaméntase nunha dobre afirmación, apriorística aínda que pretendidamente baseada nalgún dato histórico arbitrariamente escollido, para soste que o pobo galego tfora secularmente explotado polos grupos de poder alleos, que controlaban o aparello político, porque non actuou para cambiar ós dirixentes co seu voto. Afirmase a renglón seguido, que Galicia é autosuficiente no económico, pero que precisa aceptar con urxencia o liderado natural dunha elite reformista de clase media urbana, capaz de artellar un proxecto político nacionalista que poida forzar un xiro na desastrosa política que impoñen as oligarquías cerealeiras no Estado de Madrid, para desenvolver por fin as potencialidades económicas da nosa terra.

Antón Vilar Ponte e os seus *irmáns* daban por suposta a existencia dunha conciencia nacional diferenciada. Un problema que era secundario en última instancia, porque a Natureza fixera de Galicia unha nación e debía existir polo tanto, a vontade de selo no pobo que aprendera a sentir e vivir nese territorio. Isto tampouco era importante, porque as elites galeguistas abundaban para infundirille a conciencia nacional ós labregos. O discurso galeguista convertíase así no instrumento político máis axeitado para redimir ó país, porque xurdía das esencias máis fondas do ser histórico de Galicia e ofrecía un proxecto de futuro, que era o resultado da conxunción harmónica co pasado. Conciliaba nun mesmo plano tradición e modernidade, permitindo que os herdeiros vocacionais dos *señores da terra* recuperasen o seu rol dirixente na sociedade galega.

Pero Antón deixoulle as relfexións teóricas a Risco e ó seu irmán Ramón, para debruzarse na extensión da organización nacionalista, participando en mitins polos agros e cidades de toda a xeografía galega (Ferrol, Santiago, etc.). Defendía neles dúas iniciativas que fracasaron (a colaboración dos nacionalistas cos obreiros, e que se declarase Día Nacional de Galicia o cabodano da execución de Pardo de Cela), porque a II Asamblea Nazionalista (Santiago, 1919) rexeitou o republicanismo, apostando polo accidentalismo do sistema político e declarou o 25 de xullo como Día Nacional de Galicia. Deixou a dirección do xornal herculino *El Noroeste*, polas medrantes diferencias ideolóxicas cos vellos rexionalistas, como Rodrigo Sanz, que abandoaron as Irmandades logo do fracaso electoral de febreiro de 1918. Foi un intre de incertidume para a organización, que se superou coa integración dos neotradicionalistas de Ourense, que foran reclutados para a causa galeguista por Losada Dieguez. Dirixidos por Vicente Risco, encostan as formulacións explicitamente nacionalistas da I Asamblea das Irmandades (Lugo, XI-1918) e van controlando paseniñamente a organización, co asentemento dos irmáns Vilar Ponte, engaiolados pola capacidade teórica e estratéxica de Risco.

Representou ós agrarios de Barcala (Negreira) na VII Asamblea Agraria (Cabo, 1998: 138) e participou nunha mancha de mitins agrarios nos primeiros anos 1920, desenvolvendo a táctica campesinista da ING risquiana. Pero aplicaba tamén a súa concepción dos centros urbanos e das vilas como unha sorte de quinta columna do centralismo, chegando a excluílos explicitamente do *volkstum* galego no mitin que deu en Ferrol (1917). A súa estrela política

declinou no seo das Irmandades por defender as teses culturalistas de Risco e secundalas súas maniobras antidemocráticas, que levaron á excisión das Irmandades na Asamblea de Monforte (1922) e á dimisión de Antón como director de A Nosa Terra. Compartiu tamén, ó comezo, o colaboracionismo dos ourensáns coa Dictadura primorriverista, pero o novo réxime desencantouno deseguida. Refuxiouse entón, nos mitos fundacionais do nacionalismo galego a través da literatura, publicando *O Mariscal* con Ramón Cabanillas e mantendo as súas colaboracións nos xornais *Galicia* e *Faro de Vigo*. Propón a formación dun Partido Liberal Autonomista Galego en 1925, na liña do que será o proxecto fundacional da ORGA en setembro de 1929: expandir o nacionalismo baixo o paraugas dun partido autonomista e republicano.

Antón Vilar Ponte defendeu a independencia política do agrarismo cando chegou a Segunda República, para que salvagardase a súa identidade e autonomía operativa, ceibándose de fidelidades políticas explícitas. Pero os vencellos das organizacións campesiñas coas formacións políticas foronse estreitando ó longo do quinquenio republicano (Cabo Villaverde, 1998: 177 e ss.), por máis que él mitificase a ruralidade como cerna da nación galega soñada polos representantes máis sobranceiros das Irmandades. Saíu elixido deputado pola ORGA nas eleccións constituintes de xuño de 1931, e nomeárono xefe da minoría republicana galega nas Cortes constituintes. Propugnou sen éxito, unha organización federal para o Estado español e mantivo posturas afíns ós seus irmáns do P. Galeguista no referente ós problemas galegos que motivaron as súas contadas intervencións na cámara republicana. Deu por rematada a súa militancia orguista coa fin da lexislatura constituinte e integrouse no P. Galeguista en 1934, ó tempo que ingresaba na Real Academia Galega cun discurso expresivamente titulado “o sentimento liberal na Galiza”. A acollida agarimosa de Castelao loubao por ser quen era: o bardo valeroso do Galeguismo que erguera a bandeira das Irmandades. Publicou no ano seguinte as súas mellores obras literarias (*Os evanxeos da risa absoluta* e *Noiturno de medo e morte*). E encostou a táctica política de achegamento á esquerda republicana, que defendían Castelao e Alexandro Bóveda para acadar o Estatuto de Autonomía. Presentouse ás eleccións de febreiro de 1936 como candidato do P.G. nas listas da Fronte Popular e acadou a súa derradeira acta de deputado, porque finou unhas semanas despois, sen ver como o pobo galego refrendaba no plebiscito de xuño as arelas de autogoberno ás que él lle consagrou a súa vida.

Ramón, o irmán máis novo, naceu tamén en Viveiro (10-VII-1890), estudou Filosofía e Letras en Madrid (1912-1916), retornou logo a Galicia para compartillar a docencia co xornalismo, e secundou discretamente a traxectoria política de seu irmán maior, actuando como un arquitecto silandeiro do nacionalismo galego. Foi un dos pioneiros en asumir a definición murguiana de Galicia como nación, pero sobarda o seu marco lingüístico-cultural porque entende que Galicia é a patria sometida polo estado español, a nosa nación ou “*o anaco territorial en que a uniformidade de raza, costumes, lingua, accidentes xeográficos e crima é un feito tanxibre e real, o que é a patria natural, a nazon propiamente dita, non o Estado*”. Trátase da clásica definición orgánico-historicista, baseada nas esenciais étnicas, que non contempla a conciencia nacional ou compromiso activo dos cidadáns dende o presente para construír un futuro. Dirixiu o xornal ferrolán *El Correo Gallego* dende 1921, ano no que publicou a súa obra máis ambiciosa, a *Doctrina Nazonalista* que é, xunto coa risquiana *Teoría do nacionalismo galego* (1920), o único ensaio de sistematización do pensamento político nacionalista da época. A obra do ourensán



converteuse nas Táboas da Lei do Galeguismo, aínda que a *Doctrina* do benxamín dos Vilar Ponte presentaba o mérito engadido de enxergar o etnonacionalismo esencialista risquiano coa tradición liberal demócrata e de republicanismo federal dos irmandiños coruñeses.

Ramón encostou a liña integral de non participación electoral que defendía Vicente Risco, publicando un contundente artigo no *Boletín* da Irmandade da Fala de Ferrol e axudou a expandir a nova ING polas terras de Viveiro e Ferrol. Os da Irmandade da Fala da Coruña renunciaron entón a convertelo no seu intelectual orgánico, pero Ramón mantívose firme no federalismo pimargalliano, afirmando en 1921, que el era arredista por algo tan elemental como querer «*que a miña patria non viva sometida a ninguén, dependente de ninguén, en relación de subordinación categórica con ninguén; sinón ceibe, libre, soberán, dona dos seus destiños, siñora da súa vontade...*» (Beramendi, 1991: 15-16).

Ingresou no Seminario de Estudos Galegos en 1927, co ensaio “o sentimento nazionalista e o internazionalismo” e publica ese mesmo ano a *Historia Sintética de Galicia*, que foi a única ‘historia nacional’ escrita polos homes da xeración das Irmandades. A pesares do nacionalismo historicista que profesaban, non se preocuparon de profundizar cientificamente no coñecemento do pasado, agás para empregalo como argumento lexitimador dos seus proxectos de futuro. Colaborou, durante a Dictadura de Primo de Rivera, nos xornais *Galicia* e *El Pueblo Gallego* de Vigo, desempeñou a corresponsalía de *El Sol* e *La Voz* de Madrid. Participou na fundación da ORGA e actuou no Comité de Alianza Republicana de Viveiro, pero tiña o corazón dividido e reorganizou tamén a IF da vila como delegación da ING.

Ramón Vilar Ponte foi nomeado alcalde de Viveiro ó proclamarse a Segunda República e ocupou o posto ata fins de outubro de 1931. Abandonou a ORGA ó ano seguinte, para ingresar no P. Galeguista en Viveiro e publicou o *Breviario de Autonomía* (1933), para encostalar o proceso estatutario. Este obxectivo político obrigouno a moderar as posturas maximalistas, de tipo federalista a arredista, que explicitara na *Historia Sintética de Galicia*. As influencias declaradas nesta obra siguen sendo ás da esquerda (de Valera, Murguía, Tocqueville, Proudhon, Salmerón, Castelar, Costa, e ata o federalismo soviético que tamén aprobaría Castelar). Pero dedícalla a Otero Pedrayo, a Risco e a Castelar porque lle inflúe cada vez máis, o catolicismo do fidalgo de Trasalba, co que mantiña unha intensa correspondencia. Resume nesta obra, a visión organico-historicista do pasado etnonacional de Galicia e mantén a federación ibérica como punto de chegada.

Ramón participa na fundación das Mocedades Galeguistas (1934), pero case desaparece da escea política no decurso do debate sobre a integración electoral do P.Galeguista na



Ramón Vilar Ponte (Viveiro, Lugo, 1890, A Coruña, 1953). Fotografía da Gran Enciclopedia Gallega.



Fronte Popular. As cartas que lle envían Risco e Otero insisten en que esa alianza é unha desviación que estraga a pureza do nacionalismo, pero él antepón a consecución do arelado Estatuto de Autonomía a súa concepción católica do mundo, e xustifica a táctica frontepopulista do sector liberal-democrático e progresista do P.G., aínda que expresa as súas reservas no artigo “Verbas dun nacionalista. Encol das alianzas” (ANT, 369, 27-XII-1935). Desenvolveu unha febril actividade na campaña do plebiscito e aínda tivo tempo e azos para fundar a Asociación de Escritores de Galicia en Santiago, como homenaxe póstumo a seu irmán Antón.

Ramón sufriu tamén a represión fascista desatada no verán de 1936, pero o seu catolicismo militante salvouno de ser paseado como tantos outros. Marchou vivir a Coruña nos anos 1940 e o seu talento escintilou de novo: gañou o primeiro premio nos Xogos Florais de Betanzos (1948), colaborou na prensa galega de América e coa BBC e foi nomeado académico da RAG. Finou no seu Viveiro natal en 1953, cando o noitébrego manto de medo e fame señoreaba aínda a Galiza nosa e andaban soltos unha morea de fascistas de camisa azul, encirrados para exterminar a semente nacionalista da Xeración das Irmandades.

#### BIBLIOGRAFIA BÁSICA:

- BERAMENDI, J.G., “Irmandades da Fala”, *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 18, pp. 53-61.  
 - ed., *Obra política de Ramón Villar Ponte*, Sada, Eds. do Castro, 1991.  
 - e NÚÑEZ SEIXAS, X.M., *O Nacionalismo Galego*, Vig, Eds. A.N.T., 1995.  
 CABO VILLAVERDE. M., *O Agrarismo*, Vig, Eds. A.N.T., 1998.  
 GARCÍA, X. L., de., *Castelao, Otero Pedrayo, Suárez Picallo, Vilar Ponte. Discursos Parlamentarios (1931-1933)*, Sada, Eds. do Castro, 1987.  
 SOUTELO VÁZQUEZ, R., *Os intelectuais do agrarismo*, Vigo, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, 1999.  
 VELASCO SOUTO, C.F., “Organización Republicana Gallega Autónoma”, *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. 23, pp. 101-103.  
 - *Galiza na II República*, Vigo, Eds. A.N.T., 2000.  
 VILAR PONTE, A., *Escolma de artigos nazionalistas*, Santiago, Federación das Mocidades Galeguistas, nº. 1, 1936.  
 - *Pensamento e sementeira. Leccións de patriotismo galego*, Bos Aires, Eds. Galicia do Centro Galego, escolma de D. Francisco Fernández del Riego, 1971.  
 - *Discursos á nación galega*, A Coruña, Sept, escolma de Carlos Baliñas, 1977.  
 VILAR PONTE, R., *Historia Sintética de Galicia*, 1927.  
 - *Breviario de Autonomía*, Santiago de Compostela, 1933.  
 VILLARES PAZ, R., *Figuras da nación*, Vigo, Xerais, 1997.



*Bandeira do Goberno Republicano Español no exilio e Bandeira das Irmandades da Fala de Betanzos. Museo das Mariñas (Betanzos). Foto: Arume.*